Concello de Arzúa

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

ACTA TRIBUNAL SELECCIÓN PROBA TEORICA PROCESO DE FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL DESTINADO AO SERVIZO DE MANTEMENTO DO CONCELLO DE ARZUA. CATEGORÍA OPERARIO -TRACTORISTA.

Reunidos ás 09:00 horas en data 30/10/2026 os seguintes membros do Tribunal:
*Presidente: Luis Fole Barrio, arquitecto técnico do Concello de Arzúa
*Vogais:
D. Jesús Rúa Taboada (condutor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa).
D. Alberto Cao Gigirín (conserxe servizos varios do Concello de Arzúa).
Dna Irene Couselo del Rio (Auxiliar administrativa do Concello de Arzúa).
Secretaria: María José Lage Vázquez (AEDL do Concello de Arzúa).

Non se manifesta por ningún membro do Tribunal estar afectado por causa de abstención (artigo 24 Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do séctor público .

Visto o expediente que se tramita para a formación de bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal destinado ao servizo de mantemento; segundo as bases de selección que foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 02/09/2026 publicadas na web municipal e no BOP nº 180 de data 21/09/2026.

Visto o decreto nº 764/2026 de data 16/10/26 polo que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluidos, publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro do concello.

Vista a base Novena das bases que rixen o proceso de selección cuxo contido e o seguinte:

"O procedemento de selección é o de oposición libre que comprenderá as seguintes probas: a) proba teórica e b) proba práctica, e c) proba de acreditación de coñecemento do galego.

a) Proba teórica: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal de selección.

O exercicio realizarase a porta cerrada coa única presencia dos/as opositores/as, os membros do tribunal e as persoas colaboradoras que este último designe, no seu caso.

A proba consistirá en realizar un exame tipo test no que haberá que responder a un cuestionario de 20 preguntas sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo II segundo a denominación do posto de que se trate.

CVD: BFygDNMfKIUXblmwbadv Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/

Cada pregunta formularase con tres respostas alternativas, das que solo unha será correcta.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos.

Cada resposta correcta valorarase con 1 punto. Cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos. As respostas en branco non puntuarán.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos e será necesario para superalo un mínimo de 10 puntos.

As puntuacións faranse públicas unha vez rematada a corrección dos test, concretando o lugar, día e hora para a realización da proba práctica. "

c) Proba de coñecemento da lingua galega: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego de 5 frases propostas polo Tribunal durante un tempo máximo de 15 minutos e sen axuda do dicionario. Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto. Quedan eximidos da realización deste exercicio aqueles aspirantes que acrediten posuír, antes da finalización do prazo de presentación de instancias o CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na ORDEN de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

Polo Tribunal cualificadora acordouse por unanimidade a realización da proba de galego ás 9:15 h do día 03/11/26 para aqueles aspirantes que non o acreditaron en todas as categorías, sendo aptos :

1-JOSE MANUEL GARCIA PUENTE
2-JOSE LUIS RIVADULLA VALIÑO
3-JAIME PEREZ CASTRO
4-JOSE LUIS VAZQUEZ ASTRAY
5-MANUEL TOJO LEA
6-FERNANDO SEOANE VARELA

O tribunal acordou por unanimidade que todos os aspirantes foron APTOS na proba de galego.

As 11:00 h. son chamados os seguintes aspirantes por lista de presentación de solicitudes para a realización da proba tipo test da **categoria de operario-tractorista.**

OPERARIO TRATORISTA

Nº	Nome e apelidos	DNI	Celga
1	MIGUEL ANGEL MEIJIDE CESAR	***6755**	SI
2	MANUEL GIADAS SILVA	***9664**	SI
3	JOSE LUIS VAZQUEZ ASTRAY	***9122**	NON

CVD: BFygDNMfKIUXblmwbadv Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/

Polo Tribunal cualificadora acordouse por unanimidade a realización das seguintes probas tipo test para a categoría operario tractorista:

Marcar cunha X unha das tres opcións A, B ou C que se formulan para cada pregunta.

1.- Cando se está a traballar nunha vía pública de dobre sentido con tractor e rozadora-desbrozadora-trituradora de brazo, a sinalización vertical preventiva deberá estar situada a unha distancia de:

A) 500 m.
B) 150 m.
C) 300 m.

2.- A sinalización temporal cando unha máquina está a traballar nunha vía pública (por exemplo en traballos de roza-desbroce), deberá manterse mentres duren os traballos. Esta sinalización deberá de formularse-plantexarse con anticipación e co seguinte orde e preferencia:

A)1.- motorista 2.- peón 3.- traballador da obra
B)1.- peón 2.- motorista 3.- traballador da obra
C)1.- traballador da obra 2.- peón 3.- motorista

3.- É obrigatorio para o operario verificar sempre antes de poñer en funcionamento a rozadora-desbrozadora-trituradora que non se encontre ningunha persoa ou animal arredor das partes pechadas da máquina a menos de:

A) 10 m.
B) 20 m.
C) 5 m.

4.- Na limpeza de cunetas, a vexetación rozada-desbrozada deberá quedar totalmente triturada ou ben:

A) se retirará da cuneta.
B) se deixará na cuneta.
C) se deixará sobre a beiravía

5.- Está absolutamente prohibido poñerse entre o tractor e a rozadora-trituradora cando:

A) O motor estea acendido e o freo de estacionamento estea sen accionar.
B) O motor estea acendido e a toma de forza en marcha
C) O motor estea acendido, a toma de forza en marcha e o freo de estacionamento sen accionar.

6.- Un accidente por xiro (vuelco) **de tractor é cando o tractor efectúa un xiro** (vuelco) **de:**

A) 90º
B) 180º
C) 45º

7.- A protección antixiro (antivuelco) na maioría dos casos evita que o tractor dea un xiro de máis de:

A) 180º
B) 90º
C) 45º

CVD: BFygDNMfKIUXblmwbadv Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/

8.- Os dous tipos de xiro (vuelco) **que se poden dar nun tractor son:**

A)	B)	C)
1.- xiro cara atrás	1.- xiro lateral	1.- xiro lateral
2.- xiro cara a diante	2.- xiro cara atrás	2.- xiro cara a diante

9.- Antes de abandonar o tractor ao que estea enganchada unha rozadora-trituradora, seguiranse por orde os seguintes pasos:

A)
1.- desacelerar o motor
2.- baixar a rozadora-trituradora enganchada ao grupo hidráulico traseiro
3.- poñer o freo de estacionamento
4.- quitar a chave de acendido do cadro de mandos

B)

1.- baixar a rozadora-trituradora enganchada ao grupo hidráulico traseiro
2.- desacelerar o motor
3.- poñer o freo de estacionamento
4.- quitar a chave de acendido do cadro de mandos

C)
1.- desacelerar o motor
2.- poñer o freo de estacionamento
3.- baixar a rozadora-trituradora enganchada ao grupo hidráulico traseiro
4.- quitar a chave de acendido do cadro de mandos

10.- O traballador que descobre unha situación que entraña un risco para a seguridade e saúde, debe informar, de acordo co Art. 29.2.4 ...

A) Ao empresario e ao seu superior xerárquico
B) Ao seu superior xerárquico directo, aos traballadores designados para realizar actividades de protección, ou no seu caso, ao servizo de prevención
C) Ao seu superior xerárquico directo e aos delegados de prevención.

11.- Non se consideran equipos de protección individual:

A) A roupa de traballo e os uniformes en xeral.
B) Unhas lentes de cazoleta.
C) Uns manguitos

12.- Para que se precisen protectores auditivos, no manexo de maquinaria, o ruído establecido pola normativa é de:

A) 60 db
B) 70 db
C) 80 db

13.- A protección á que teñen dereito os traballadores en materia de prevención debe ser (art. 14) ...

A) Completa.
B) Integral.
C) Eficaz.

CVD: BFygDNMfKIUXblmwbadv Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/

14.- En prevención de riscos laborais, denomínanse EPIs:

A) Aos equipos persoais individuais
B) Aos equipos de protección individual
C) Aos equipos de prevención individual

15.- Quen resulta proclamado Alcalde tomará posesión:

A) Ante o Pleno da Corporación
B) Ante la Xunta de Goberno Local
C) A e B son correctas

16.- De cada unha das parroquias ou barrios separados do centro urbano e que non constitúan entidade local, quen poderá nomear a un representante persoal entre os veciños residentes nos mesmos?

A) O Alcalde
B) O Pleno
C) A Xunta de Goberno Local

17.- O Pleno, órgano que existe en todos os Concellos, está integrado:

A) Por todos os Concelleiros da Corporación
B) Por todos os Concelleiros e é presidido pola persoa de maior idade entre os presentes
C) Por todos os Concelleiros e é presidido polo Alcalde

18.- Defínese o termo municipal como:

A) O territorio urbano dun municipio.
B) O territorio onde o Concello exerce as súas competencias.
C) O territorio urbanizable dun municipio.

19.- O Concello de Arzúa conta cunha extensión e unha poboación de:

A) 125,80 km2 e uns 4.360 habitantes
B) 175,90 km2 e uns 7.230 habitantes
C) 155,90 km2 e uns 5.916 habitantes

20.- O Concello de Arzúa atópase a unha altitude media sobre o nivel do mar duns:

A) 285 m.
B) 380 m.
C) 300 m.

Preguntas de reserva:

1.- Os bens das entidades locais segundo a Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, clasifícanse en:

A) Bens de dominio público e bens patrimoniais.
B) Bens de dominio público, patrimoniais e comunais.
C) Bens de servizo público, de uso público, patrimoniais e comunais.

CVD: BFygDNMfKIUXblmwbadv Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/

2.- Quen ostenta a competencia para a aprobación das bases de selección de persoal?:

A) A Comisión Informativa de Persoal.
B) A Xunta de Goberno Local.
C) O/a Alcalde/sa.

3.- O Pleno celebra sesión extraordinaria:

A) Cando o solicite a cuarta parte, polo menos, dos membros presentes.
B) Cando o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da corporación.
C) Cando así o decida o Presidente, sempre que o secretario estea de acordo.

Plantilla:

1.- C
2.- A
3.- A
4.- A
5.- C
6.- B
7.- B
8.- B
9.- B
10.- B
11.- A
12.- C
13.- C
14.- B
15.- A
16.- A
17.- C
18.- B
19.- C
20.- B

Reserva:

1.- A
2.- C
3.- B

CVD: BFygDNMfKIUXblmwbadv Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/

Unha vez correxidos polo tribunal ditos cuestionarios acordaron por unanimidade outorgar as seguintes puntuacións :

Número Código	Puntuación proba teórica
427	18
493	11,25
439	18,75

Tras todo o exposto o Tribunal por unanimidade **ACORDOU** :

PRIMEIRO .- Publicar no taboleiro da sede electrónica, no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na páxina web o resultado de ditas probas teóricas

SEGUNDO.- Convocar para a realización da proba práctica os aspirantes que acadaron un **mínimo de 10 puntos** (base Novena) o día **19 de novembro de 2026 ás 10:30 h**. na nave de mantemento sito en Rúa Basilio Carril.

OPERARIO TRACTORISTA-10:30 h

Número Código	Puntuación proba teórica
427	18
493	11,25
439	18,75

TERCEIRO: O Tribunal acorda publicar un anuncio coas puntuacións acadadas no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Arzúa abrindo un período de tres días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do mesmo para a presentación de alegacións.

Polo Presidente sendo as 11:40 horas levántase esta sesión do que dou fe có visto e prace do Presidente, asinando a presente:

*Presidente: Luis Fole Barrio, arquitecto técnico do Concello de Arzúa
*Vogais:
D. Jesús Rúa Taboada (condutor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa).
D. Alberto Cao Gigirín (conserxe servizos varios do Concello de Arzúa).
Dna Irene Couselo del Rio (Auxiliar administrativa do Concello de Arzúa).
Secretaria: María José Lage Vázquez (AEDL do Concello de Arzúa).

CVD: BFygDNMfKIUXblmwbadv Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/

CVD: BFygDNMfKIUXblmwbadv Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/